



eurored del deporte



Bidasoa - Txingudi

X Seminario transfronterizo sobre cooperación deportiva

MEMORIA

9 e 10 de outubro de 2009

Hendaya (Francia)



eurored del deporte



Bidasoa - Txingudi

X Seminario transfronteirizo sobre cooperación deportiva “MODELO ASOCIATIVO TRANSFRONTEIRIZO APLICADO AO MUNDO DEPORTIVO”

PROGRAMA

9 de outubro, venres

10:00 h. - Recepción, entrega de documentación e café.

10:30 h. - 10:45 h.: Inauguración Oficial a cargo do Presidente da Eurorede, D. Iñaki Ugarteburu, e os alcaldes de Irún, Hendaia e Hondarribia.

10:45 h. - 11:00 h.: Presentación do Seminario a cargo do Sr. Julián Gómez Fuertes, Coordinador Xeral da Eurorede.

11:00 h. - 13:30 h.: Desenvolvemento do tema, coa participación dos seguintes relatores, e posterior mesa redonda:

- *Ramón Martiarena, Secretario da Eurorede do Deporte*
- *Francina Esteve, Área de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais, Facultade de Dereito da Universidade de Xirona*
- *Juan José Alvarez, Catedrático de Dereito e director da UNED-Bergara*
- *Patxi López de Tejada, Franck Macera e Bernard Loustau, Observatorio Transfronteirizo Iuris-Muga*

13:45 h. - 15:45h.: Comida no restaurante Serge Blanco (Hendaia).

16:00 h. - 18:00h.: Casos prácticos sobre figuras asociativas transfronteirizas aplicadas ao mundo deportivo:

- *C.H.H. Txuri-Urdin (Donostia)*
- *Federación Guipuscoana de Vela, Club Náutico Hondarribia, Club Maritime Hendaye Txingudi*
- *Club Deportivo Open (Ourense)*
- *Odiana. Associação para o Desenvolvemento do Baixo Guadiana*

18:00 h. - 19:00 h.: Debate e conclusións sobre o tema do Seminario.

20:45 h. - Desprazamento en autobús ata Ficoba.

21:00 h. - Cea oficial no restaurante Iñigo Lavado (Ficoba - Irún)

10 de outubro, sábado

9:30 h. - 11:30 h.: Visita guiada a Sokoburu e Tribord (Hendaia)

11:30 h. - 13:30 h.: Asemblea Xeral da Eurorede do Deporte e a continuación despedida oficial e *lunch* na bodega La Pinta (Sokoburu).



euored del deporte



Bidasoa - Txingudi

ASISTENCIA

Iñaki Ugarteburu Artamendi, Diputación Foral de Gipuzkoa.
Julián Gómez Fuertes, Diputación Foral de Gipuzkoa.
Ramón Martiarena Bergaretxe, Diputación Foral de Gipuzkoa
Rosa María Morcillo Peña, Kirol Management S.L.U.
Marta Vilumbrales Díaz, Consell Comarcal de l'Alt Empordà
Pilar Fuertes, Consorcio Transfronterizo Bidasoa-Txingudi
Kote Olaizola Sañudo, Bera Bera R.T.
Igor Etxeberria, Bera Bera R.T.
Philippe Ducasse, Aviron Bayonnais
Iñaki Bolea, C.H.H. Txuri Urdin
Daniel Dieguez, C.D. Open (Ourense)
Jean Didier Gry, Odiana. Associação para o Desenvolvimento do Baixo Guadiana
Francina Esteve, Univesidad de Girona
Juan José Alvarez, Catedrático de Derecho y director de la UNED-Bergara
Patxi López de Tejada, Observatorio Transfronterizo Iuris-Muga
Franck Macera, Observatorio Transfronterizo Iuris-Muga
Carlos Gordóvil, F.E. Deportes de Hielo
Luis Espinosa, C.N. Hondarribia
Alain Calledé, Club Maritime Hendaye Txingudi
Marcela Martínez, C.N. Hondarribia
Ana Alicia Almazán, Diputación Foral de Gipuzkoako Foru Aldundia
Dominique Arnaud, Entente Sud Gascogne
Lander Bello, Antigua-Luberri B.H.I.
Iñaki Murua Gorostidi, Fundación Oreki
Jon Odriozola, Fundación Oreki
José Manuel González Aramendi, Fundación Oreki
Sophie Herrera, Universidad de Burdeos
Sylvain Dufourcq, Universidad de Burdeos
Pierre Aramburu, Hendaye
Sylvie Estomba, Hendaye
Belén Sierra, Ayuntamiento de Irún
Iñaki Laguna, Ayuntamiento de Irún
Goizane Alvarez, Ayuntamiento de Irún
Xabier Tife Susperregi, Ayuntamiento de Hondarribia
Javier Echepeare, Ayuntamiento de Irún
Jean Michel Berra, Mairie de Hendaye
Pilar Valenciano, Ayuntamiento de Hondarribia

CONCLUSIÓNS XERAIS

1.- Presentación.

Fan a presentación a concelleira do concello de Hendaia Sylvie Estomba e o Presidente da Eurorede e Director Xeral de Deportes de Guipúscoa Iñaki Ugarteburu.

2.- Ramón Martiarena fai unha introdución sobre a historia da Eurorede e as súas actividades, así como sobre as relacións transfronteirizas en xeral e a súa posible aplicación ao ámbito do deporte.

3.- O relatorio principal foi desenvolvido pola doutora Francina Esteve, da área de Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais da Facultade de Dereito da Universidade de Xirona.

Un novo instrumento europeo (2006) que debe ser desenvolvido por cada un dos estados membros da Unión Europea (problemática sobre quen o debe desenvolver no ámbito local, especialmente nos estados con conformación “federal”, Alemaña, Bélxica, España, etc.)

A entrada en vigor do Tratado de Lisboa posibilitará un mellor desenvolvemento desta transposición. Este Tratado inclúe, por vez primeira, a materia deporte como competencia complementaria (vincular deporte con cooperación territorial).

O regulamento comunitario sobre a AECT ten unha gran flexibilidade para poder adaptarse á gran diversidade normativa dos vinte e sete.

No Estado español o RD 1082/2006 é un marco de mínimos que se desenvolve nun regulamento máis específico.

Adaptouse en Francia e Portugal (nos ámbitos da Eurorede).

O RE abre a posibilidade de cooperación a outros ámbitos transnacionais.

A continuación desenvolve en detalle os contidos e modelos da AECT (v. relatorio)



eurored del deporte



Bidasoa - Txingudi

¿Como se pode aplicar esta ferramenta á Eurorede do Deporte?

¿Poden os clubs e federacións deportivas formar parte de este “organismo de dereito público”?

¿Podería constituírse unha AECT só con socios “privados”, por exemplo clubs ou asociacións de clubs?

Aclarar as colectividades de estados non membros: caso Andorra.

¿Conveniencia de que a Eurorede se transforme en AECT para acceder aos novos fondos estruturais específicos do Deporte na Comisión Europea. Programa Coubertein?

2.- Mesa redonda.

Juanjo Álvarez, Catedrático de Dereito Internacional Privado e director da Universidade Nacional a Distancia en Bergara.

Como proxectar as bases xurídicas ao deporte transfronteirizo. Mestura do xurídico, público e privado, “autismo xurídico no mundo do deporte”, por parte da Comisión Europea.

Xerar unha entidade europea a partir do Deporte (Moratinos, presidencia de quenda da Unión Europea por parte do Estado Español no primeiro semestre do 2010).

Regulamento comunitario Roma 1 e 2.

O problema fundamental no deporte transfronteirizo é o da territorialidade.

Estatutos de Autonomía novos (6): competencia en acción exterior e, particularmente, no ámbito rexional. Citan a cooperación transfronteiriza expresamente como deberes de cooperación.

O 5 de outubro, en Bruxelas, tratouse especificamente o tema do deporte nos ámbitos das rexións transfronteirizas. (ver conclusións)

Fomento do asociacionismo deportivo intrafronteirizo.

Fomento de uso de equipamentos.

Coordinar o ámbito do deporte escolar transfronteirizo.

Dar un marco xurídico para o patrocinio e o mecenado transfronteirizo (proposta de estudo con Facenda).

TICS transfronteiriza.

Deporte autóctono.



eurored del deporte



Bidasoa - Txingudi

“O deporte é unha excelente oportunidade para o desenvolvemento territorial transfronteirizo”.

O horizonte do 2013 será fundamental no desenvolvemento das rexións.

Patxi López de Tejada, avogado adscrito ao Colexio de Avogados de Guipúscoa e codirector do Observatorio do Dereito Transfronteirizo Iuris Muga.

Por que a necesidade da colaboración entre clubs dos espazos transfronteirizos.

- distancias
- diferenzas de nivel

Aproveitar a cualificación técnica dun e outros.

O deporte é unha competencia pública (federacións) que basea a súa estrutura no principio de territorialidade.

Restricións:

- a participación de europeos non nacionais en competicións afeccionadas.
- O desprazamento das competicións deportivas a terceiros territorios.

Exemplo negativo: Expúxose que, en remo, poidan participar nas competicións pero sen ter dereito a clasificación e, en consecuencia, aos premios.

Opinión: non valen as figuras asociativas actuais para os clubs.

- licenza
- rexistro de entidades deportivas
- a AEIE pode pór en común medios económicos entre os clubs.
- Os euroclubes. Por exemplo, ¿no ciclismo podería ser posible?
- Instrumentos xurídicos moi limitados.

Solucións.

- colaboración práctica
- convenios de colaboración
- estatus fronteirizo específico para o deporte mediante unha modificación normativa dos estados (facer excepción nos regulamentos e normas)
- non ve posibles solucións desde o dereito privado

Franck Macera, avogado adscrito ao Colexio de Avogados de Baiona, representante de Iuris Muga.

Descrición dos aspectos técnicos favorables e positivos do modelo.

Cuestiona como é posible separar o ámbito deportivo do ámbito xurídico, e, ao seu xuízo, cre que non é posible nin desexable.



eurored del deporte



Bidasoa - Txingudi

Mirar o que as normas non nos permiten facer para utilizalas en proveito propio (exemplo claro no ámbito do deporte... sempre se estudan os regulamentos de xogo para explorar ata onde se pode chegar no que non nos permiten).

Participación no coloquio:

- Modelo do ciclismo (Julián)
- Euskarians (Kote)
- Patxi López de Tejada, duplicidade de clubs en ambos os lados da fronteira. A conclusión é que son dous clubs con inscrición en ambos os lados.
- O Concelleiro de Hendaia Pierre Aramburu pregunta por que non se avanza neste tema cando en calquera outro espazo da sociedade se avanzou moito.
- Pregúntaselle a Francina Esteve sobre como se poden integrar as entidades asociativas na nova figura AECT. Resposta: di que hai poucas entidades como a Eurorede, ou ningunha, que traten sobre o deporte nos termos en que se trata na Rede; propón que se traballe sobre o criterio de vinculación de entidades privadas, por exemplo fundacións.
- Manu González
Participación de entidades privadas na AECT
Tema ciclismo, duplicidade de fichas, alternancia.
- Alain Caillete menciona e describe o convenio de colaboración Hondarribia-Hendaia no ámbito da vela.

BOAS PRÁCTICAS NAS RELACIÓNS TRANSFRONTEIRIZAS EN MATERIA DE DEPORTES

1.- A Liga Pirenaica de Hóckey sobre Xeo, presentado polo club Txuri Urdin HHC e a Federación Española de Deportes de Xeo, presentado por Iñaki Bolea e Carlos Gordobil, sinalan que “se hai vontade clara de facelo, pódese facer”. É un punto de partida e tratan de formalizar a competición en varias categorías coa participación de clubs de ambos os lados da cadea montañosa. A vontade plásmase no acordo formal entre as federacións estatais, co apoio da federación internacional.

2.- O Convenio de colaboración para o desenvolvemento das actividades de vela entre os clubs de Hendaia e Hondarribia co apoio da Federación Guipuscoana de Vela, presentado por Alain Caillete e Luis Espinosa, facendo fincapé na harmonización da xestión, a optimización de recursos, a inserción cultural e a visualización práctica do espazo transfronteirizo.

3.- As actividades que promove o Club Deportivo Open de Ourense no ámbito do hóckey sobre herba, presentado por Daniel Diéguez. Trátase de utilizar a competición deportiva recreativa para posibilitar o intercambio cidadán, primeiro, entre persoas de ambos os lados da antiga fronteira luso/galaica e, en segundo lugar propiciando a participación de clubs doutros países europeos. Ademais, estas actividades crean un verdadeiro foco de desenvolvemento socioeconómico en Ourense e a súa contorna.



eurored del deporte



Bidasoa - Txingudi

4.- As actividades relacionadas co deporte que promove Odiana, Associação para o Desenvolvemento do Baixo Guadiana. Este caso foi presentado por Jean Didier Gry, que expuxo o primeiro obxectivo desta asociación, que engloba a varias poboacións de ambos os lados da ribeira do Guadiana, que é o desenvolvemento económico e social vertebrado ao redor dun símbolo de división como foi historicamente o río, hoxe en día nexo de unión das e dos cidadáns, cunha presenza moi importante do deporte. Están considerando a posibilidade de implantar un carné único para a utilización das instalacións deportivas de ambos os lados.

CONCLUSIÓNS XERAIS E PROPOSTAS:

- “Vontade” como motor das actuacións transfronteirizas.
- Explorar os ámbitos xurídicos a partir do que non se pode facer para buscar solucións prácticas e facilitar unha resposta positiva e viable aos que poñen as barreiras.
- Explotar a facilidade que se dá nas actividades deportivas recreativas ou non oficiais e das actividades deportivas escolares.
- Optimización dos recursos:
 - persoais
 - materiais
 - equipamentos
 - comunicación
- Necesidade de visualizar a realidade transfronteiriza ante a cidadanía mediante accións claras de comunicación (creación de materiais comúns, utilización das TIC, etc.)
- De momento, parece entrañar gran dificultade a aspiración de crear entidades asociativas deportivas transfronteirizas, en función da nula harmonización normativa, tanto pública como privada.
- Exponse a posibilidade de explorar a utilización da figura da AECT para a creación de organismos públicos transfronteirizos, co obxecto social deportivo, aínda cando non está moi clara a posibilidade de integración das asociacións deportivas privadas nos organismos públicos.
- Proclámase a necesidade de introducir modificacións normativas nas lexislacións europeas, nacionais e rexionais, que faciliten as relacións transfronteirizas no deporte.
- Impulsar desde a Eurorede unha iniciativa legislativa para solicitar ao Parlamento Europeo cambios normativos en materia de deporte que posibiliten realmente a práctica de actividades deportivas de todo tipo (tamén as competicións oficiais) no ámbito dos espazos transfronteirizos da Unión Europea. Utilizar o vehículo da rede EU:SPORT:FUTURE dentro do programa “Europe for Citizens”.



eurored del deporte



Bidasoa - Txingudi

